

# **PROPOSTA REGULAMENTO INTERNO CONSELLO EN MAREA**

## **Artigo 1**

O Consello das Marea é o máximo órgano de dirección entre Plenarios e está composto por 35 persoas, 18 mulleres e 17 homes, elixidas polo procedemento establecido regulamentariamente.

O Consello terá a competencia de executar as decisións do Plenario de En Marea, así como as decisións políticas urxentes que non poidan agardar a unha reunión do Plenario. Calquera decisión que supere o ámbito da execución de acordos doutros órganos deberá ser ratificada na seguinte reunión do Plenario. As relacións deste órgano cos demais serán de coordinación e dirección política, mais en ningún caso terán carácter xerárquico.

## **Artigo 2**

O Consello reunirse ordinariamente con carácter bimestral, será convocado pola persoa Portavoz Nacional ou persoa en quen delegue e será enviada con unha antelación de, cando menos, 72 horas antes do comezo da xuntanza.

A orde do día será establecida pola Coordinadora e calquera membro poderá solicitar a inclusión de puntos na orde do día ata 48 horas antes do comezo da xuntanza.

## **Artigo 3**

O Consello exercerá as seguintes competencias:

1. Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
2. Convocar o Plenario.
3. Definir as liñas políticas e elaborar a documentación e as propostas de carácter político e organizativo para a súa consideración polo Plenario das Mareas.
4. Aprobar o orzamento ordinario e, se é o caso, extraordinario, e facer seguimento da súa execución.
5. Presentar ao Plenario das Mareas o seu Plan de Traballo entre plenarios e dar conta da xestión desenvolvida para a súa aprobación e da xestión económica e financeira de EM.
6. Ratificar os plans de traballo da Coordinadora de En Marea.
7. Analizar cando menos unha vez ao ano a situación socioeconómica e política, e propor as orientacións xerais para a acción política no seguinte período.
8. O Consello asume a responsabilidade de crear as condicións para que todas as persoas que conforman o espazo teñan un lugar de encontro onde traballar, territorial e sectorialmente
9. Promover xornadas ou editar documentos sobre as conclusións das comisións de traballo para que sexan difundidas en todo o espazo de confluencia.
10. Promoverase o debate a nivel local daqueles asuntos que atinxan directamente ao ámbito municipal, co fin de que a posición final de EM estea completamente participada polas mareas.
11. Promover unha rede de traballo que permita o intercambio de propostas e axuda mutua entre as distintas mareas municipalistas.

12. Constituír grupos de traballo, avaliando periodicamente as súas actividades. Estas comisións contarán con total autonomía para acometer e realizar calquera traballo. Os acordos de ditos grupos de traballo deberán ser ratificados polo Consello das Mareas.

13. Decidir sobre as cuestións políticas urxentes que se presenten entre reunións do Plenario das Mareas, dando conta destas na primeira sesión do mesmo.

14. Presentar un informe de xestión ante o Plenario de En Marea.

15. As que expresamente se lle atribúan polos Estatutos ou regulamentos en vigor, así como as que lle sexan delegadas polo Plenario das Mareas.

#### **Artigo 4**

En caso de resultar vacante a responsabilidade de Portavoz, será substituída colexiadamente polas persoas viceportavoces da Coordinadora ata a elección polo Consello dunha nova responsable.

#### **Artigo 5**

As reunións do Consello consideraranse validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros.

Fixarase previamente a duración da sesión e poderanse distribuír previamente os tempos en función dos temas a tratar. Os debates serán moderados pola persoa que se acorde e poderanse establecer quendas de intervención.

#### **Artigo 6**

Os acordos do Consello adoptaranse sempre que sexa posible por consenso e,

de non acadar o mesmo, por maioría do 75%, de 2/3 ou por maioría simple das membros asistentes.

As persoas membros do Consello que non poidan asistir por causas debidamente xustificadas cunha antelación de 24 horas a algunha reunión do organismo, poderán delegar o seu voto nalgunha outra persoa membro do Consello.

### **Artigo 7**

De cada reunión do Consello redactarase acta na que constarán os asistentes e os acordos adoptados, con expresión, se é o caso, das votacións realizadas e das posicións particulares sempre que así o solicite o interesado ou interesada e as achegue por escrito no mesmo acto da reunión.

As actas do Consello serán remitidas aos membros deste para a súa aprobación na seguinte reunión. As actas poderán ser publicadas polo procedemento que se estableza.

### **Artigo 8**

O idioma oficial do Consello en todos os ámbitos e actividades, individuais ou colectivas, é o galego. Así mesmo, na súa documentación e medios de expresión de calquera clase empregará unha linguaxe inclusiva e non sexista.

### **Artigo 9**

En caso de dimisión, renuncia voluntaria ou calquera outra circunstancia que determina a baixa dunha persoa membro do Consello será substituída atendendo aos criterios cos que foi electo no seu momento e atendendo á proporcionalidade dos resultados das candidaturas presentadas.

A renuncia deberá presentarse por escrito ante a coordinadora para o seu traslado ao Consello que deberá resolver e comunicar a decisión á persoa substituta no prazo máximo dun mes.